



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de decembro de 2023 (1601/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e trinta minutos do día vinte e dous de decembro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1032).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(1033).-.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PAPÁ NOEL E CARTEIRO REAL DURANTE AS CAMPAÑAS DO NADAL . EXPTE. 9933/106.

Visto o informe de fiscalización de data 22/12/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 21/12/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de Papá Noel e Carteiro Real durante as campañas do Nadal (9933-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de Papá Noel e Carteiro Real durante as campañas do Nadal (9933-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para contratar por procedemento aberto simplificado da prestación do servizo de Papa Noel e Carteiro Real durante as Campañas do Nadal 2023-2024 e 2024-2025.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de data 27/10/2023 e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 02/11/2023.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 89.854,98 euros, IVE incluído, durante o seguinte prazo de execución:

Lote 1-Estancia Papa Noel e Carteiro Real na súa casa instalada na zona centro da cidade

<i>Campaña Nadal</i>	<i>Inicio</i>	<i>Fin</i>	<i>Días</i>
<i>2023-2024</i>	<i>25/11/23</i>	<i>04/01/24</i>	<i>41</i>
<i>2024-2025</i>	<i>23/11/24</i>	<i>04/01/25</i>	<i>43</i>



Concello de Vigo

Lote 2-Visita Papá Noel e Carteiro Real a outras zonas comerciais da cidade mediante un vehículo móbil decorado con ambientación de Nadal

Campaña Nadal	Inicio	Fin	Días
2023-2024	15/12/23	04/01/24	21
2024-2025	15/12/24	04/01/25	21

O cal se imputará á partida 4310.2279901 "Programa de decoración y animación Nadal" co seguinte desglose

Campaña do Nadal:

Campaña do Nadal	Importe s/IVE	IVE	Total
2023-2024	37.130,16 €	7.797,33 €	44.927,49 €
2024-2025	37.130,16 €	7.797,33 €	44.927,49 €
TOTAL	74.260,32 €	15.594,66 €	89.854,98 €

Exercicios económicos:

Os importes dos diferentes exercicios económicos (IVE engadido), son os seguintes:

2023.- 44.927,49 € *80%= 35.941,99 €

2024.- 44.927,49 €

2025.- 44.927,49 €*20%= 8.985,50 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 1 de decembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de Papá Noel e Carteiro Real durante as campañas do Nadal (9933-106) na seguinte orde descendente:

a) Lote 1

	Licitador	Puntuación
1	LA FIESTA ESCÉNICA, S.L.	100
2	EVENTOS CULTURAI S RETALLISTAS, S.L.	50,57

b) Lote 2

	Licitador	Puntuación
1	LA FIESTA ESCÉNICA, S.L.	100

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LA FIESTA ESCÉNICA, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP) para cada un dos lotes:

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, LA FIESTA ESCÉNICA, S.L., o día 5 de decembro de 2023, que presenta parte da documentación requirida o 18 de decembro de 2023, dentro do prazo concedido e documentación fora do prazo, o 20 de decembro de 2023, procedendo admitir esta documentación en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais).

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de decembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar LA FIESTA ESCÉNICA, S.L. (Lotes 1 e 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LA FIESTA ESCÉNICA, S.L. (Lotes 1 e 2), de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 28 de novembro de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Adxudicar a LA FIESTA ESCÉNICA, S.L. o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de Papá Noel e Carteiro Real durante as campañas do Nadal (9933-106) (Lotes 1 e 2) coas seguintes condicións:

- Lote 1:

- a) *Prezo total do contrato de 51.521,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.941,80 euros*
- b) *Incrementa o número mínimo de auxiliares de atrezo esixidos (2) en 2.*
- c) *Incrementa o número mínimo de unidades de moedas de chocolate con leite esixidas (25.000 unidades) en 15.000 unidades.*

- Lote 2:

- a) *Prezo total do contrato de 29.342,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.092,50 euros*
- b) *Incrementa o número mínimo de auxiliares de atrezo esixidos (2) en 2.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1034).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO DE AMBULANCIAS ASISTENCIAIS DURANTE AS CAMPAÑAS DO NADAL. EXPTE. 9932/106.

Visto o informe de fiscalización de data 22/12/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 22/12/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

- c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as campañas do Nadal (expediente 9932-106)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as campañas do Nadal

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno local (en adiante, XGL), acordou aprobar o expediente de contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as campañas do Nadal, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 12 de decembro a mesa de Contratación adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a AMBULANCIAS BANDE, S.L., por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio o 5 de decembro de 2023.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as campañas do Nadal (expediente 9932-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	Ambulancias do Nordés, S.L.	100

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L., o día 12 de decembro de 2023, que presenta a documentación requirida o día 15 de decembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de decembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos membros asistentes a esta sesión coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, dos membros asistentes a esta sesión, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L., de acordo co informe asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio de data 11 de decembro de 2023 de valoración do sobre B “Proposición avaliable mediante fórmula”.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a AMBULANCIAS DO NORDÉS, S.L., o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as campañas do Nadal (expediente 9932-106) por un prezo de 78.650,00 euros (exento de IVE), coas seguintes condicións:

- *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no*
- *apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 1,53 %.*
- *Substitución do Vehículo de Intervención Rápida, habilitado unicamente para atención sanitaria de primeiros auxilios in situ, por unha ambulancia tipo SVB (soporte vital básico)*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1035).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA E SERVIZOS AUXILIARES DE SOPORTE DOS ACTOS DOS REIS MAGOS NO NADAL 2024. (LOTES 1 E 2)EXPTE. 9947/335.

Visto o informe de fiscalización de data 22/12/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 21/12/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2024 (9947-335) (Lotes 1 e 2)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2024 (9947-335) (Lotes 1 e 2)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos reis magos do nadal 2024.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 19 de outubro de 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 20 de outubro de 2023 asinados pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 119.950,34 €, sendo o valor estimado do contrato de 99.861,44 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis).

O gasto correspondente a este expediente é de 119.950,34 euros, imputarase como anticipado de gasto á aplicación 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2024.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.



Concello de Vigo

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), os días 24 e 27 de novembro de 2023 adoptou as seguintes resolucións, respectivamente:

- Lote 2

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2024 (Lote 2) (9947-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”

- Lote 1

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2024 (Lote 1) (9947-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.	88,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.””

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar en ambos lotes, SOLIMUSIC EVENTS, S.L., o día 5 de decembro de 2023, que presenta a documentación requirida os días 7, 9 e 18 de decembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de decembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SOLIMUSIC EVENTS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOLIMUSIC EVENTS, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 22 de novembro de 2023 e do acordo da Mesa de Contratación de data 24 de novembro de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SOLIMUSIC EVENTS, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2024 (9947-335) (Lotes 1 e 2) coas seguintes condicións:

- Lote 1:

- a) *Prezo total do contrato de 101.461,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.609,02 euros*
- b) *Incrementa o número de valado perimetral a maiores do mínimo esixido en 60.*

- Lote 2:

- a) *Prezo total do contrato de 13.090,41 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.271,89 euros.*
- b) *O coordinador/a de caracterización ten 6 (nº) anos de experiencia en traballos de caracterización.*
- c) *Incrementa o número mínimo (5) de traballadores/as para a realización de tarefas de acompañamento de nenos en 5 (nº).*
- d) *Achega os seguintes recursos para a realización do evento:*
 1. *Espellos de medio corpo con de iluminación sobre mesa*
 2. *Carpa tipo “jaima” de 5x5 con mobiliario e luz interior para punto de encontro de nenos/as.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1036).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS MUNICIPAIS PARA A CABALGATA DE REIS 2024. EXPTE. 9932/335.

Visto o informe de fiscalización de data 22/12/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 21/12/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

- a) *Procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2024 (9932-335)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2024 (9932-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de deseño e produción de cinco carrozas municipais que tomarán parte na Cabalgata de Reis 2024 coa temática “MAR E FANTASÍA”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 16 de outubro de 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 17 de outubro de 2023 asinados pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 78.071,08, €, sendo o valor estimado do contrato de 64.521,56 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis).

O gasto correspondente a este expediente é de 78.071,08 euros, imputarase: ás seguintes aplicacións orzamentarias:

- *3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio por importe de 54.649,75 € (70% do importe do prezo de contrato) con cargo á bolsa de vinculación*
- *3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de 2024 por importe de 23.421,33 € (30% do importe do prezo de contrato).*

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 4 de decembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2024 (9932-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	CARROFESTA, S.L.	94



Concello de Vigo

	Licitador	Puntuación
2	BIG-LAB S.L.U.	92

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L., o día 5 de decembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 14 e o 20 de decembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de decembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CARROFESTA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARROFESTA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 22 e 27 de novembro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Adxudicar a CARROFESTA, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2024 (9932-335) coas seguintes condicións:

O prezo total do contrato é de 74.167'53 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.872'05 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1037).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ANIMACIÓNS PARA A CABALGATA DE REIS 2024. EXPTE. 9948/335.

Visto o informe de fiscalización de data 22/12/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 22/12/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de reis 2024 (expediente 9948-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



Concello de Vigo

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de reis 2024 (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 10 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local (en adiante, XGL), acordou aprobar o expediente de contratación do servizo de animacións para a cabalgata de reis 2024, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 18 de decembro a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 19.06.2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023) adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de reis 2024 (9948-335) na seguinte orde descendente:

- Lote 1

	Licitadores	Puntuación
1	BARAFUNDA, S.L.	55,00

- Lote 2

	Licitadores	Puntuación
1	BIGLAB, S.L.U.	91,62
2	KOREMI REHABILITACIÓN, S.L.	85,00

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, BARAFUNDA, S.L. (Lote 1) e BIGLAB, S.L.U. (Lote 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, BARAFUNDA, S.L. (Lote 1) e BIGLAB, S.L.U. (Lote 2), o día 19 de novembro de 2023, que presenta a documentación requirida o día 19 e 20 de decembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de decembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos membros asistentes a esta sesión coa abstención de D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, BARAFUNDA, S.L. (Lote 1) e BIGLAB, S.L.U. (Lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BARAFUNDA, S.L. (Lote 1) e BIGLAB, S.L.U. (Lote 2), de acordo cos informes asinados pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos do 11 de decembro de 2023 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”, e de valoración do sobre C “*Proposición avaliable mediante fórmula*” de data 15 de decembro de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Adxudicar a BARAFUNDA, S.L., o lote 1 do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de reis 2024 (expediente 9948-335) por un prezo de 52.299 euros, sendo a cota



Concello de Vigo

correspondente ao IVE de 10.982,79 euros o que fai un prezo total de 63.281,79 euros. Incrementa o número mínimo de persoas participantes nos grupos de animacións esixidos na cláusula 2. LOTE 1 "ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de baile e música con temática e cun elemento móbil" do PPT en 58 persoas.

2º.-Adxudicar a BIGLAB, S.L.U. o lote 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de reis 2024 (expediente 9948-335) por un prezo de 20317,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4266,67 euros o que fai un prezo total de 24584,17 euros. Incrementa o número mínimo de persoas participantes nos grupos de animacións esixidos na cláusula 2. LOTE 2 "ANIMACIÓNS NA CABALGATA DE REIS de baile e música con temática e cun elemento móbil" do PPT en 18 PERSONAS.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás doce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez